

## Resultados XI Memorial José Henrique Rodríguez Peña 2017

Campión: Martín Boado

Subcampión: Xabier Gómez

3º clasificado: Armando De Sousa

1º Sub 14: Adrián Vazquez

1º Socio: Joaquín Losada

1º Veterano: Joaquín Bello

1º Equipo Ateneo: Rafael Sánchez

A partir das 16 h 30 do sábado 7 de outubro celebrouse o torneo na sala da planta baixa do Edificio Marcos Valcarcel da Deputación de Ourense cunha interesante participación de xadrecistas da provincia que alcanzou a cifra de 36 participantes.

Alzouse co trofeo ao gañador absoluto Martín Boado que só concedeu un empate na 4º rolda ante o gañador do ano pasado que a postre acabaría 3º tamén sen conceder a derrota. Xabier Gómez conseguía o subchampionato ao gañar ao veterano Sindo Rodríguez na última rolda. Mérito especial para Mateo Díaz que se alzou co trofeo ao primeiro Sub 14 grazas a 3 vitorias consecutivas nas últimas roldas, e a Xoaquín Bello, incansable, que se alzou co trofeo ao mellor veterano, 6º clasificado do torneo. Xoaquín Losada e Rafael Sánchez, sempre presentes nas citas importantes, gañaron o premio ao mellor socio e mellor do equipo do Ateneo respectivamente.

Na entrega de premios estiveron presentes Susi, a muller de Rodríguez Peña, Mario Guede, concelleiro de Deportes, Pablo, vicepresidente do Ateneo, José Mosquera, como amigo de Rodríguez Peña e un servidor, como amigo, árbitro e organizador do torneo.

Realmente, na sala do edificio da deputación que se nos prestou tan xentilmente, como tamén o personal, que se está a portar moi amablemente cos xadrecistas do Ateneo que van todos os días a xogar a súa partida, foi un momento para recordar a figura de José Henriquez, e cabe dicir, como nunca se fixera antes. Cada persoa a súa maneira recordou os momentos que compartiron con el o que lles aportou en vida, ademais da personalidade deste amigo, compañeiro, xadrecista, político que tantas tardes compartiu con moitos de nós na Torre de Ourense.

En todos nós queda algo das múltiples facetas deste home de Ourense, o seu dinamismo, a su bonomía, que foi capaz de xenerar en nós os suficientes ánimos como para recordalo durante 11 anos xa. Ata sempre Peña!

Manuel García Fernández



1º e 2º clasificado



1º sub 14: Mateo Diaz



1º veterano: Joaquín Bello



1º socio: Joaquín Losada



1º Equipo Ateneo: Rafael Sánchez



